



# EXFIMIÑO

Boletín informativo da Sociedade Filatélica  
e Numismática Guardesa

Número 38

ano 2017

Coordinador Luciano Lomba

Medalla de Ouro  
Ao Mérito Filatélico de FEGASOFI

50 Aniversario 1964-2014



Organiza :



Colabora :



Patrocinan :




Este ano a EXFIMIÑO 2017 estará dedicada a conmemorar os 50 anos da utilización das siglas EXFIMIÑO, e como ven sendo habitual estará montada no baixo da Casa dos Alonsos, os días 4 ao 10 de setembro.


A inauguración será o luns día 4 as 20,30 horas.

Con este motivo porase en circulación un sello personalizado ca imaxe dos monumentos que hai no Pico do Facho, e un cuño ca imaxe do debuxo da portada do catálogo da primeira exposición EXFIMIÑO.

Na inauguración e como ven sendo habitual o historiador D. Joaquín Miguel Villa Álvarez, falará sobre a historia da exposición EXFIMIÑO.



*Cuño especial concedido por Correos..  
Diseño de Ángel Pérez Martínez, para  
EXFIMINO 2017*



*Diseño de Ángel Pérez Martínez,  
para o sello personalizado.*

## **EXPOSICIÓN E FEIRA DO COLECCIONISMO V EDICIÓN**

Os pasados días 13, 14, 15 e 16 de abril a Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa organizou a V edición da Exposición Filatélica e Feira do Coleccionismo, na cal ademais de selos e moedas se expuxeron outros tipos de colección, desde almanaques de bolsillo, pinturas, maquetas de barcos. ata avións de aeromodelismo.....

Nesta ocasión e como ven sendo habitual celebrouse nos salóns do Recreo Artístico Guardés. O horario de visitas foi pola mañá de 11 a 13 horas e pola tarde de 16 a 20 horas. A entrada foi gratuítia para o público.



## EXPOSITORES NA V EXPOSICIÓN E FEIRA DO COLECCIONISMO

Jesús González Abreu ..... *Vitolas*  
Marcelino Portela ..... *Entretenimientos*  
Suso Pereiro ..... *Búhos*  
Antonio Martínez ..... *Pinturas*  
Carlos Castro ..... *Aeromodelismo*  
Luciano Lomba ..... *Matasellos especiales de A Guarda*  
Alfonso Dorado ..... *Dibujos y plumillas de Santiago Rosales Ardá para la filatelia gallega entre 1975 y 2001*  
Alfonso Dorado ..... *Buzón de Correos*  
Marina Rodríguez Alfonso ..... *Almanaques*  
Colecciones de la S.F. e N. G. ..... *Historia de la Sociedad Filatélica e Numismática Guardesa*  
Colecciones de la S.F. e N. G. ..... *Cajas de cerillas*  
Herminio Arocás Vázquez ..... *Monedas*  
Herminio Arocás Vázquez ..... *Historia del euro*  
Teresa Castro ..... *Calendarios y Marcapáginas*  
Marta Verde ..... *Marcofilia de la oficina postal de A Guarda*  
Marta Verde ..... *Ceniceros con forma de flor*



## EXFIMIÑO 2016

Os días 10 ao 16 de outubro do ano 2016 a Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa celebrou como ven sendo costume a súa exposición anual.

O ano pasado a exposición estivo dedicada ao socio fundador e primeiro vice-presidente da S.F e N.G. Alfonso Martínez Peniza.

A inauguración foi o 12 de outubro as 18 horas na Casa dos Alonsos. Estiveron presentes; a Deputada Provincial Dña. Monserrat Magallanes, o Alcalde de A Guarda D. Antonio Lomba Baz., a Concelleira de Cultura Dña. Elena Baz, o presidente da Federación Gallega de Sociedades Filatélicas (FEGASOFI) D. Valentín Suárez Alonso. O presidente da Unión de Filatelia do Norte de Portugal (UFINOR) D. Paulo Sa Machado, representantes dos distintos grupos políticos do Concello de A Guarda e representantes de colectivos e asociacións culturais de A Guarda.

No acto da inauguración o historiador guardés D. Joaquín Miguel Villa Álvarez, fixo unha breve reseña sobre o homenaxe-



## **Modificación da Xunta Directiva das S. F. e N. G**

Según se recolle na acta da Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o día 2 de abril do 2017 cun único punto na orde do día, por esixencias legais procedeu-se en segunda convocatoria e de acordo cos estatutos, á modificación da composición dos componentes da Xunta Directiva da Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa, quedando composta da seguinte forma:



Presidente: Luciano Lomba Vicente



Vicepresidente:  
Marcelino Portela Lorenzo



Tesoureira:  
Marta Verde Rodríguez



Secretario:  
Teodosio González Ferreira



Vogal:  
Jorge Martínez Baz



Vogal:  
Almudena Taboada Lago



Vogal:  
Ramón González González

## *Exfimiño 2017*


### **PRINCIPIO E CONTINUIDADE DAS EXFIMIÑO**

Na Asamblea Xeral da Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa celebrada o 22 de xaneiro do 2017, acordouse por unanimidade, dedicar a **Exfimiño 2017** o **50º aniversario** destas siglas xa que, dende 1967 vense utilizando nas nosas exposicións.

Cando esta sociedade cumpliu o seu 50º aniversario no ano 2014, tivemos a honra que o historiador guardés Joaquín Miguel Villa Álvarez nos obsequiara cunha breve historia desta sociedade: “50 ANOS DE HISTORIA DA SOCIEDADE FILATÉLICA E NUMISMÁTICA GUARDESA (1964-2014)”. Foi publicada no catálogo da XXVII Mostra Filatélica de Galicia e Norte de Portugal; Exfigalicia 2014 celebrada en A Guarda do 4 ó 12 de outubro do 2014.

Nesta breve pero fabulosa historia para nós, o historiador Joaquín Miguel Villa Álvarez fai o seguinte apunte obtido do Libro de Actas do Grupo Filatélico Guardés (1964...)- das Actas da Pro-Monte Santa Tecla (1964-1975):

*Cando en 1981 se fai cargo da secretaría o socio e fundador Juan Álvarez Sobrino, co fin de cubrir o baleiro de tantos anos sen crónicas, realizou esta breve recensión no libro de actas: “Celebráronse, organizadas polo Grupo Filatélico Guardés, as seguintes exposicións que non están reflectidas neste libro de actas: II<sup>a</sup>.-Ano 1967: **Exfimiño-67**; III<sup>a</sup>.-Ano 1970: **Exfimiño-70** (2<sup>a</sup> rexional galega, agora chamada Exfigalicia. Non é correcto nomeala como Exfimiño xa que, o ser unha exposición competitiva rexional prevalece esta.); III<sup>a</sup>.-Ano 1972: **Exfimiño-72**; e IV<sup>a</sup>.-Ano 1976: **Exfimiño-76**. Quedando as siglas **Exfimiño** como exclusivas do noso Grupo Filatélico”.*




Portada do catálogo da exposición Exfigalicia 2014, realizada do 4 ó 12 de outubro do 2014 en A Guarda.

## Exfimiño 2017

### EXFIMIÑO-67

A única información existente sobre estas exposiciones, tamén moi, escasa, aparece nas actas da propia Sociedade Pro-Monte Santa Tecla. Así, sabemos que na reunión da directiva de Pro-Monte do 10 de xuño de 1967, o directivo e tamén presidente da Sección Filatélica, Francisco Sobrino Rodríguez, pediu autorización para organizar a 2ª Exposición do Grupo Filatélico Guardés, que se chamaría Exfimiño-67, na que exporían colecciónistas de selos de toda Galicia. A directiva de Pro-Monte concedeu a súa autorización e ademáis acordou doar un trofeo para a ocasión. Esta exposición celebrouse do 27 ao 30 de xullo no Centro Escolar Manuel Rodríguez Sinde, con mataselos especial concedido por Correos. Na reunión da directiva de Pro-Monte de 1º de agosto dese ano 1967, acordouse felicitar ao presidente da Sección Filatélica "polo éxito sen precedentes alcanzado na exposición que organizou a Sección Filatélica nos locais do novo grupo escolar, onde se exhibiron grande cantidade de coleccións, e moitas de gran calidade". Pero sobre todo por conseguir da Dirección Xeral de Correos o mataselos especial para esta exposición.



Reglamento-boletín de inscripción para poder exponer na exposición filatélica Exfimiño 67.



O mataselos utilizouse nestes dous sobres feitos para a ocasión, o primeiro de correo por superficie e o segundo por correo aéreo. (Ámbolos dous doados por Antonio Martínez Vicente)



## Exfimiño 2017

Ese mesmo ano, sinala Juan Álvarez Sobrino, solicitouse e conseguiuse o uso das siglas "Exfimiño", figurando dende entón nos matasellos do Grupo Filatélico Guardés.



1er matasellos especial concedido por Correos coa autoría de Juan Álvarez Sobrino.

Portada do catálogo realizado para a ocasión (dado por Antonio Martínez Vicente)

Listado de expositores participantes da Exfimiño 67 que podemos atopar nas páxinas centrais do catálogo.

Catálogo de Expositores			
<b>Cuadro de Honor</b>			
1 M. C. González	Portugal	San Juan de Tabagão	La Guardia
2 Manuel Lugo Martínez	Cádiz	Vigo	id.
3 Alfredo Navarro Paya	Matañosa neda de Carrera	Pontevedra	id.
4 José Roca	Matañosa Palasie	Sellos-Figuras	id.
<b>I España, Dependencias Postales y Excolonias</b>			
5 Carlos Pérez Antón	2º Centenario	Tuy	id.
6 Francisco Sobrino Rodríguez	La Guardia	id.	id.
7 Juan Álvarez Sobrino	id.	id.	id.
8 Gustavo Pou Díaz	id.	id.	id.
<b>II Países Extranjeros</b>			
9 Francisco José Pérez González	Dominica	La Guardia	id.
10 Anastasio M. Fuentes Gómez	Dominican	id.	id.
11 José Conde Galíndez	Filipinas desde 1950 y fil. hispanas Japonesas	id.	id.
12 Salvador Hidalgo Benavides	Israel	Pontevedra	id.
<b>III Temática</b>			
13 Antonio B. Pastoriza Suárez	Patronato Universal de España	La Guardia	id.
14 M. C. González	Natal	San Juan de Tabagão	id.
15 María Pilar Sancho	Filatelia Mariana	Tuy	id.
16 Javier Vila García	Patras	id.	id.
17 Saúlín Álvarez Sobrino	Méjico	La Coruña	id.
18 Manuel Fabián Gómez	Noya	Noya	id.
19 Enrique Souto Blanco	id.	id.	id.
<b>IV Marcophilía</b>			
20 Juan Álvarez Sobrino	Depósitos	La Guardia	id.
21 Anastasio M. Fuentes Gómez	id.	id.	id.
22 Francisco Sobrino Rodríguez	La Guardia	id.	id.
23 Juan Álvarez Sobrino	id.	id.	id.
24 Miguel Rodríguez Rey	Maximiliano de Flandes y Asturias	Pontevedra	id.
25 Julia Rodríguez Estévez	Marcolfo de Portugal	Tuy	id.
<b>V Locales</b>			
26 Guillermo Seoane Seoane	1º y 2º Centenario España	La Guardia	id.
27 Ignacio Iglesias Trias	2º Centenario Esp.	id.	id.
28 Manuel Alonso González	Flor y Mariposas	id.	id.
29 Mary Casas Sabater González	id.	id.	id.
30 Camilo Rodríguez Sánchez	id.	id.	id.
31 Alejandro Carrera Vizoso	España y América	id.	id.
32 Manuel Rabalo Portela	id.	id.	id.
33 Odal Alvarez Gómez	Tomártires	id.	id.
34 José Luis Lombera Alonso	Paises	id.	id.
35 Mº Elena y Mº Lilia Español Álvarez Colonias Portuguesas	id.	id.	id.
36 José Miguel Barrio Alonso	Europa	La Guardia	id.
<b>VI Infantiles</b>			
37 Hermanos Álvarez Franco	Conquistadores	La Guardia	id.
38 Francisco F. Sobrino Gómez	Conquistadores + Matañosa Palasie	id.	id.
39 María Nieves Pequeño Hergueta	Infancia y Juventud	id.	id.
NOTA.—El día 25 de Julio a las 12.30 de la mañana en el Casino Escuela de esta villa, Benidorm y aparte. Horas de visita de 5 a 9 de la tarde. Día 26 de Julio a las 12.30 de la mañana en el Casino Escuela de esta villa, Benidorm y aparte. Horas de visita de 5 a 9 de la tarde. Día 30 visitas de 10 a 1 y de 5 a 7 seguidamente entrega de premios y clausura de la Exposición.			


## *Exfimiño 2017*

### **EXFIMIÑO-72**



Tarxeta feita para a exposición (doadas por Alfonso Dorado Senra)

**Exfimiño-72** realizaase cinco anos máis tarde, do 1 ao 4 de xullo de 1972; esta vez no novo Colexio PP. Somascos e dedicouse ao poeta local Feliciano Rolán.



Cartel da exposición (doadas por Antonio Martínez Vicente)

### **EXFIMIÑO-76**



Tarxeta da exposición (doadas por Antonio Martínez Vicente)



Sobre da Exfimiño 76 (doadas pola familia de Manuel Martínez Martínez)

No mataselos da **Exfimiño-76** reproducense o famoso torques de ouro atopado en 1930 baixo o piso dunha vivenda castrexa do Monte Santa Tecla. A exposición tivo lugar no edificio da Casa da Cultura do 8 ao 11 de agosto de 1976.


## *Exfimiño 2017*

### **EXFIMIÑO-81**

A 6<sup>a</sup> exposición filatélica e a 4<sup>a</sup> Exfimiño da sociedade. A **Exfimiño-81** foi adicada a profesora guardesa Dna. Aurora González Neira e celebróuse na Casa da Cultura do 19 ao 25 de setembro de 1981.



Cartel da exposición filatélica Exfimiño-81



Catálogo de expositores



Sobre conmemorativo co matasellos especial deseñado por Juan Álvarez Sobrino.

### **EXFIMIÑO-88**

Case sete anos despois, do 2 ao 8 de agosto de 1988, celebrouse a 5<sup>a</sup> Exfimiño: Exfimiño-88, de novo no Colexio PP. Somascos. A Sociedade uniuse os actos do 75º aniversario das Festas do Monte e reflexou no matasellos o Facho do Monte Santa Tecla.



Matasellos deseñado por Juan Álvarez Sobrino.

## *Exfimiño 2017*

### EXFIMIÑO-93



Sobre doado por Antonio Martínez Vicente.



O deseño do matasellos é de Juan Álvarez Sobrino

Na Asamblea Xeral celebrada o 17 de xaneiro de 1993 acordouse realizar unha exposición con motivo da III Festa da Langosta que se celebraría nese verán e onde tamén se acordou solicitar á Dirección Xeral de Correos un matasellos conmemorativo para a exposición. A Exfimiño-93 tivo lugar esta vez nos salóns da Asociación Érguete Baixo Miño, do 26 de xuño ao 4 de xullo dese ano.

### EXFIMIÑO-95



Tarxeta dada por Alfonso Dorado Senra

Con motivo do 10º aniversario da Asociación Naturalista Baixo Miño, ANABAM, o Grupo Filatélico e Numismático Guardés colaborou na efeméride cunha exposición filatélica, a Exfimiño-95. Esta celebrouse no Centro Cultural de A Guarda do 12 ao 14 de outubro de 1995.

## Exfimiño 2017



Matasellos deseñado por Juan Álvarez Sobrino.

**EL PINTOR Y SU OBRA:**  
Los 100 pintores más famosos están representados en 3 tomos.  
**GOYA:**  
Toda la obra del artista filatélico, en 1 tomo.  
**EL MUSEO DEL PRADO:**  
Los pinturas representadas en sellos, del Museo, distribuidos por salas, en 2 tomos.  
**FLORES:**  
Cuadros famosos 1 tomo.  
**VIDA DE CRISTO:**  
Relatos según los evangelistas, filatelizados en 6 tomos.  
**PINTURAS INFANTILES:**  
Obras pintadas por niños, 1 tomo.  
**DESNUDOS FEMENINOS:** 1 tomo.  
**PICASSO:**  
El pintor más representado en la filatelia, 2 tomos.  
Este filatélico guardés expone por CENTESIMA vez ; por ser muy extensa la relación de las mismas, citamos solo algunas:  
1º Exposición: Tema: España, en Vigo (1961)  
50º Exposición: Tema: Arte, en Vigo en la Fiesta de la Camelia (1980)  
72º Exposición: Tema: Pinturas infantiles, en Madrid - Juventud (1985)  
84º Exposición: Tema: Vida de Cristo, en Luxemburgo - Juval (1988)  
99º Exposición: Tema: Vida de Cristo, El Rosal - Feria del Vino (1990)  
  
Nota: Guarda este folleto, si el número coincide con las dos últimas cifras del sorteo de la ONCE del dia 12 de Agosto; un buen lote de sellos será suyo. 000072

**Exposición de Sellos**  
del 4 al 11 de Agosto

Juan Álvarez Sobrino presenta una exposición de sellos de todo el mundo especializado en el tema Pintura. Diferentes vías en el que el primer sello exhibido por Juan Álvarez Sobrino publicó en la revista "Sellos y Filatelia" en el año 1988. Una muestra magnífica de la colección de la Feria del Rosal.

Los sellos están en su grado, un sobre de EXFIMIÑO-96 con algunos sellos en su interior.

Lugar: Sala de Exposiciones El Sombrerito C/ Vicente Solerio, 10  
Horario: Domingos de 10:00 a 11:00 y de 17:00 a 20:00h.  
Sábados de 10:00 a 21:00h.  
Organiza: Grupo Filatélico Numismático Guardés  
Patrocinan: Excmo. Diputación Provincial de Pontevedra y Concellería de Cultura da Guarda

**Exposición Filatélica**

**MATASELLOS ESPECIAL**

**Del 3 al 11 Agosto 1997**

**84 ANIVERSARIO FIESTAS DEL MONTE STA. TECLA**

**3 AGOSTO STA. TECLA LA GUARDIA EXFIMIÑO 97**

**HORAS DE VISITA: SEMANA de 8 a 11 tarde DOMINGO: de 12 a 14 mañana.**

**SALA: Rosalía Castro (Alameda)**

## EXFIMIÑO-96

A Exfimiño-96 foi unha mostra monográfica de Juan Álvarez Sobrino, daquela presidente do Grupo Filatélico Guardés, coincidindo coa súa 100<sup>a</sup> exposición e o 83º aniversario

das Festas do Monte Santa Tecla.

Catálogo aberto pola parte exterior onde vemos a portada e a contraportada co matasellos da exposición e a l g u n h a s referencias da súa colección e exposicións.

## EXFIMIÑO-97



O deseño do matasellos é de Juan Álvarez Sobrino.

Do 3 ao 11 de agosto de 1997 celebrouse a Exfimiño-97 na sala Rosalía de Castro sita na Alameda, coincidindo co 84º aniversario das Festas do Monte.

## *Exfimiño 2017*

### EXFIMIÑO-99



A Exfimiño-99 celebrouse no Centro Cultural do 30 de xullo ao 8 de agosto de 1999, nesta ocasión conmemorando o 35º aniversario da fundación do Grupo Filatélico Guardés. O mataselos foi o emblema do Grupo.



O deseño do mataselos é de J. Ángel Gándara Rodríguez.

### EXFIMIÑO 2002

Do 16 ao 22 de setembro do 2002 celebrouse no Colexio PP. Somascos a **Exfimiño 2002**. Esta vez foi unha homenaxe a confitería Estévez con motivo do seu centenario.



Éste foi o último deseño dos mataselos que realizou Juan Álvarez Sobrino para a Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa.

### EXPOSICIÓN FILATÉLICA EXFIMIÑO 2002

HOMENAJE CONFITERÍA ESTÉVEZ  
EN SU CENTENARIO 1902-2002  
DEDICADA A LA JUVENTUD



**SALÓN PADRES SOMASCOS**  
Del 16 al 22 de septiembre  
Horario de visitas: de 11 a 14 y de 18 a 20 h.

Organiza: Patrocinan:




## *Exfimiño 2017*

### **EXFIMIÑO 2005**

O historiador Joaquín Miguel Villa Álvarez relata en “50 ANOS DE HISTORIA DA SOCIEDADE FILATÉLICA E NUMISMÁTICA GUARDESA (1964-2014) o seguinte:

*Pero nese ano 2005 a Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa vaise embarcar nun novo e ambicioso proxecto de traballo de oito anos de duración (2005-2012): a conmemoración do centenario da Sociedade Pro-Monte Santa Tecla que tería lugar en 2012. Non en van a Sociedade fora fundada en 1964 como Sección Filatélica de Pro-Monte, polo que certamente sentíase herdeira súa. Entre os actos do pre-centenario estarían varias exposicións filatélicas dedicadas aos fundadores da Pro-Monte, coa presentación das súas biografías no acto inaugural, así como un matasellos especial dedicado a cada un deles.*



Cartel da Exfimiño 2005.

O primeiro dos actos de homenaxe da Exfimiño 2005 foi para Manuel Lomba Peña, fundador e primeiro presidente da Sociedade Pro-Monte Santa Tecla. Esta exposición celebrouse do 25 de setembro ao 1 de outubro do 2005 no Centro Cultural.



Matasellos realizado por Ángel Pérez.

## *Exfimiño 2017*

Seguindo coa homenaxe dos fundadores da Pro-monte Santa Tecla, fíxoselle homenaxe , esta vez na Exfigalicia 2007, a dous persoaxes tamén artífices da Sociedade Pro-Monte Santa Tecla:




Julián López García

José Pedreira Sobrino

Ámbolos dous mataselos son deseño de Ángel Pérez.

## **EXFIMIÑO 2008**



Mataselos feito por Ángel Pérez.

No Centro Cultural da Guarda, do 18 ao 22 de outubro do 2008 celebrouse a **Exfimiño 2008**. Seguindo cos actos de homenaxe á Pro- Monte Santa Tecla, este ano foi dedicada a Pacífico Rodríguez, primeiro secretario da Sociedade; e coma ós anteriores directivos homenaxeados, fíxoselle un mataselos especial.



Cartel da exposición Exfimiño 2008

## *Exfimiño 2017*

### **EXFIMIÑO 2009**



Imaxe do cartel cedido por Marta Verde

Nos salóns do Recreo Artístico Guardés, celebrouse a **Exfimiño 2009**, do 30 de outubro ao 1 de novembro. Seguindo cos actos de homenaxe á Sociedade Pro-Monte Santa Tecla, nesta ocasión estivo dedicada ao primeiro vicepresidente Vicente de Vicente Vicente.



Diseño do matasellos de Ángel Pérez.

O día da inauguración, no Centro Cultural o 30 de outubro, estivo presente o Subdirector de Correos da República Dominicana onde presentou unha serie de dous selos daquela nación caribeña. O motivo desta presentación era o irmamento entre Santo Domingo e A Guarda. O motivo que aparece nos selos é a Praza de Galicia en Santo Domingo e a Praza de Santo Domingo en A Guarda.




Imaxes cedidas por Marta Verde

## *Exfimiño 2017*

### **EXFIMIÑO 2010**

Un ano máis, a Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa na súa **Exfimiño 2010** homenaxeou a outro fundador da Sociedade Pro-Monte Santa Tecla; esta vez o seu primeiro tesoureiro, José María González Cividanes.

Esta exposición tivo lugar no salón do Recreo Artístico Guardés do 8 ao 12 de outubro do 2010.



O deseño do mataselos correu a cargo de Ángel Pérez.



Entrega moi merecida do máximo galardón; Diploma, Medalla e Insignia de Ouro ao Mérito Filatélico da Federación Galega de Sociedades Filatélicas a Juan Álvarez Sobrino das mans do presidente da Federación Galega, Valentín Suárez Alonso.

Na inauguración da exposición Exfimiño 2010, a Federación Galega de Sociedades Filatélicas fixolle entrega a Juan Álvarez Sobrino o seu máximo galardón: Medalla, Diploma e Insignia de Ouro. Este galardón foi aprobado por unanimidade na última Asamblea Xeral de FEGASOFI celebrada na Casa-Museo Rosalía de Castro, en Padrón o día 18 de febreiro dese ano.

## Exfimiño 2017

### EXFIMIÑO 2011

**Exfimiño rinde homenaje a Antolín Silva como promotor de la Sociedad pro Monte**

Correos concedió un matasellos conmemorativo y un sello diseñado por un escolar guardés

**EVA GONZÁLEZ • A Guarda**

La exposición filatélica Exfimiño, en la que convergen trece importantes colecciones, se inauguró ayer en el Recreo Artístico Guardés con varios enfoques dedicados a Antolín Silva, comenzando por el homenaje que en este año se rinde a la figura de Antolín Silva Vicente (1875-1945), uno de los vocales de la primera junta directiva y uno de los fundadores de la Sociedad Pro-Monte que haría posible la promoción del Tregua, además de haber sido presidente de la entidad entre los años 1932 y 1936.

La Sociedad Pro-Monte, cuya voluntad era la de impulsar la construcción de un muelle en la zona, concordó un acuerdo con los concejos un matasellos conmemorativo, además de dos sellos: uno conmemorativo de la exposición y otro para el concurso escolar, obra del niño Miguel González Flores, y otro obra de César Romero, que representan páginas del diario "La Voz del Tercer", en el año del centenario de su fundación. La exposición también contiene la publicación de un libro de Xoán Martínez Tamayo, historiador local, que ha realizado una ingente labor de investigación sobre este diario que dejó de publicarse en 1920.


Contra expidió el historiador José Manuel Domínguez Freitas, también en su alocución, afirmó que el propietario de aquél diario fue el sacerdote Cándido Rodríguez Vicente, mientras que Cándido Rodríguez Vicente fue su director y periodista. El libro se editó por encargo de Antonio Martínez Vicente y Celso Rodríguez Parillas, de Infonave.

Luciano Lomba, Dominguez Freitas y Pablo Blaquier, con los sellos. / FEGASOFI

Notas de prensa de Faro de Vigo do 13 de outubro.


Deseno do matasellos feito por Ángel Pérez.

A exposición Exfimiño 2011, na sua 6ª homenaxe a Sociedade Pro-Monte Santa Tecla estivo dedicada ao vogal Antolín Silva Vicente, e celebrouse no Recreo Artístico Guardés do 12 ao 16 de outubro.



Ademais ese ano houbo un concurso de debuxo titulado "Un selo para A Guarda" onde participaron nenos de entre 6 e 13 anos pertencentes aos colexios da vila. O gañador foi Miguel González Flores do Colexio das HH. Carmelitas.

### EXFIMIÑO 2012



Deseno do matasellos feito por Ángel Pérez.

Fotografia cedida por María Elisa Abad.

A Exfimiño 2012, xa case na recta final das homenaxes, foi dedicada ao vogal César Troncoso González. No transcurso da exposición celebrouse o IV seminario filatélico de FEGASOFI e UFINOR. A exposición celebrouse do 1 ao 4 de novembro no Recreo Artístico.

## *Exfimiño 2017*


### **EXFIMIÑO 2013**




O mataselos é deseño de Ángel Pérez.

### **EXFIMIÑO 2015**

Esta **Exfimiño 2015**, feita esta vez na Casa dos Alonsos do 23 ao 25 de outubro, foi adicada con moito agarimo ao expresidente e Presidente de Honra da Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa: Juan Álvarez Sobrino.



Imaxe para o mataselos e para a ilustración do sobre obra de Ángel Pérez.



Mataselos e selo personalizado na que a imaxe de TU SELLO e unha folla da colección de pintura exposta na Exfimiño-67.

Polo afecto e amabilidade que sempre amosaba, expositores de toda Galicia quixeron participar nesta homenaxe chegando a reunirse 47 coleccións; tres de elles da autoría do propio Juan Álvarez Sobrino.


## *Exfimiño 2017*

### **EXFIMIÑO 2016**



Boletín informativo anual da Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa, EXFIMIÑO no seu número 37.

Na 20º edición, **Exfimiño 2016**, homenaxeouse ao cofundador e primeiro vicepresidente do Grupo Filatélico Guardés, Alfonso Martínez Peniza. Celebrouse na Casa dos Alonsos do 10 ao 16 de outubro; coa participación de 43 coleccións filatélicas e 2 de numismática.



Deseño do mataselos de Ángel Pérez.

### **EXFIMIÑO 2017**

Neste breve repaso de tódalas **Exfimiño** que organizou a Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa, chegamos os 50º anos; desa primeira exposición, en 1967, onde se consolidou con firmeza as siglas **Exfimiño**. Por iso este ano adicámolo a nosa señá de identidade.

Un ano máis Ángel Pérez nos obsequia cun novo mataselos. Este deseño está inspirado no debuxo da portada do catálogo da II Exposición Filatélica que organizou o Grupo Filatélico Guardés e primeira EXFIMIÑO en 1967.



Marta Verde Rodríguez  
Tesoureira da Sociedade Filatélica e N. Guardesa

## **EXPOSITORES DA EXFIMIÑO 2017**

### **COLECCIÓN DA SOCIEDADE FILATÉLICA E N. GUARDESA**

**“Historia da Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa”**  
**“La Sociedad Filatélica Guardesa unida a la Sociedad Pro-Monte**  
S. Tecla”  
“Caixas de mistos”

### **HISTORIA POSTAL**

“Baezas de Galicia”  
*José Ángel Gándara Rodríguez (A Guarda)*  
“Galicia en Guerra (1936-1945)”  
*José María García Carrera (Vigo)*  
“Emisiones locales de la Guerra Civil (Bando Nacional)”  
*Almudena Taboada Lago (A Guarda)*

### **TRADICIONAL**

“Primer y segundo Centenario del sello en España”  
*Marcelino Portela Lorenzo (A Guarda)*  
“Alemania Imperio”  
*José Antonio Boullosa Gómez (Vigo)*  
“Pruebas de España”  
*Antonio Martínez Martínez (O Rosal)*  
“Entretenimientos”  
*Marcelino Portela Lorenzo (A Guarda)*

### **MARCOFILIA**

**“Dende A Guarda para o Mundo. Marcofilia da oficina postal Da Guarda”**  
*Marta Verde Rodríguez (A Guarda)*

### **ENTERO POSTAL**

**“Entero postales ilustrados de España”**  
*Luciano Lomba Vicente (A Guarda)*  
“Aerogramas”  
*Luciano Lomba Vicente (A Guarda)*

## **TEMÁTICA**

**“Colón; rumbo a las Yndias”**

*José Ángel Gándara Rodríguez (A Guarda)*

**“De oficio afiador”**

*María Elisa Abad Suárez (Ourense)*

**“Del monasterio rural a la catedral urbana”**

*Luciano Lomba Vicente (A Guarda)*

**“Tras las huellas del lince”**

*Daniel Rodríguez Doorno (Ourense)*

**“Faros y otras ayudas a la navegación”**

*Miguel Martínez Pérez (O Rosal)*

**“La tentación de Eva”**

*Pilar Gallego Domínguez (Ourense)*

**“Arte y comunicación de la música”**

*Alfonso Dorado Senra (O Rosal)*

**“Faros del Mundo – La señal del buen camino”**

*Daniel Rodríguez Novoa (Ourense)*

## **XUVENIL**

**“Ajedrez, blancas contra negras”**

*Francisco Alonso Dorado (O Rosal)*

**“Civismo versus vandalismo”**

*Taller Colegio Cisneros (Ourense)*

**“Atletismo”**

*Abraham Rodríguez González (Ourense)*

**“La esencia del baile”**

*Aitana Ramos González (Ourense)*

**“A volar”**

*Alicia Rodríguez Suárez (Ourense)*

**“Casares, un contador de historias”**

*Taller Colegio Cisneros (Ourense)*

**“Las flores de mi jardín”**  
*Sofía Alonso Dorado (O Rosal)*

**“Rota”**  
*Jerónimo González Fernández (Ourense)*

**“Organología”**  
*Santiago Rodríguez Suárez (Ourense)*

**“Bichos, ¡a la mesa!”**  
*Alejandro López Seoane (Ourense)*

## MAXIMOFILIA

**“Del Románico al Gótico”**  
*Luciano Lomba Vicente (A Guarda)*  
**MODERNA**

**“El preludio de un nuevo futuro”**  
*Beatriz González Abel (Ourense)*  
**“Big News”**  
*Joaquín Silva Martínez (Ourense)*  
**CLASE ABERTA**

**“Al son de la gaita”**  
*Marta Verde Rodríguez (A Guarda)*  
**TEMAS**

**“Cruceiros”**  
*Pilar Gallego Domínguez (Ourense)*  
**“Homenaxeados nas Letras Galegas”**  
*José Barros Cachaldora (Ourense)*  
**“La Santina Peregrina”**  
*Daniel Rodríguez Novoa (Ourense)*  
**NUMISMÁTICA**

**“Monedas de Euro”**  
*Herminio Arocás Vázquez*